



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

**Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria
Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas
Curso Académico: 2013-14**

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBJECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	ID Verifica: 1582/2009 ID Ministerio: 4311008
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Universidade solicitante	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Facultade de Ciencias da Educación
Centro onde se imparte o título	Facultade de Ciencias da Educación (FCE) Facultade de Formación do Profesorado (FFP)
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	---
Responsable do título	Decano da Facultade de Ciencias da Educación: R. Lois Ferradás Blanco
Correo electrónico do responsable do título	zedudeca@usc.es
Curso de implantación do título	2009-2010
Data última acreditación	Data verificación: 22/06/2009
Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento	Comisión Académica do Máster
Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento	Comisión de Calidade da FCE Comisión de Calidade da FFP

2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS	
Información pública	Páxina web da Universidade/Centro/Título...
Denominación do título	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=65 http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9 (Información)</p>
Número de créditos e duración do título	<p>FCC::http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Oferta e admisión)</p>
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Información)</p>
Coordinador/a e/ou responsable do título	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Información)</p>
Centro/s onde se imparte o título	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p>
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/es participante/s	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Información)</p>
Tipo de ensinanza	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FDP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p>

	49&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Información)
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	FCC:: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Oferta e admisión) Ver convocatoria anual: http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/modules/news/news_0060.html
Idiomas en que se imparte o título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Información)
Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Prefil de egreso	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14314&codEstudio=13849&valor=9&orde=true&ano=64 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Obxectivos, competencias e saídas profesionais)
Normativa de permanencia	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9 (Outra información)
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Plan de estudos)
Memoria vixente do título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64 (Información do título)
Obxectivos do título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64

	<p>9&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Obxectivos, competencias e saídas profesionais)</p>
Competencias xerais	<p>FCC:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Obxectivos, competencias e saídas profesionais)</p>
Competencias específicas	<p>FCC:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Obxectivos, competencias e saídas profesionais)</p>
Criterios de acceso e admisión	<p>FCC::http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Oferta e admisión)</p> <p>Ver convocatoria anual: http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/modules/news/news_0060.html</p>
Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	<p>FCC: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/master_en_profesorado.html</p> <p>FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_profesorado.html</p> <p>Con anterioridade ao inicio de curso publícase na sección de novidades e avisos a data da xornada de acollida)</p> <p>O alumnado tamén poder ter información de forma telefónica, presencial ou telématica na páxina http://www.usc.es/gl/servizos/ dentro do epígrafe “Centro de Orientación Integral ao Estudante (COIE)” e na “Oficina de Información Universitaria (OIU)”.</p> <p>http://www.usc.es/servizos/oiu/</p>
Plan de acción tutorial	<p>FCC:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Outra información)</p>
Perfil de ingreso recomendado	<p>FCC:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html</p>

	<p>?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Oferta e admisión)</p>
Condições ou probas de acceso especiais, se existen	<p>FCC:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Oferta e admisión)</p>
Programas de mobilidade	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Outra información con enlace ó Portal Internacional)</p>
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe ¹	<p>FCC:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Oferta e admisión)</p>
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso	<p>FCC:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Oferta e admisión)</p>
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>(Plan de estudos)</p>
Horarios	<p>FCC:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64</p> <p>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_cursos.html</p> <p>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/master_en_profesorado.html</p> <p>FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9</p> <p>http://www.usc.es/gl/centros/ffp/horario_cursos.html</p> <p>http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_profesorado.html</p>

<p>Guías docentes/Programación docente²</p>	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64 FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14051&codEstudio=13604&valor=9&orde=true&ano=64 (Plan de estudios)</p>
<p>Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.)</p>	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64 http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/master_en_profesorado.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14051&codEstudio=13604&valor=9&orde=true&ano=64 http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_profesorado.html</p>
<p>Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,...)</p>	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=64 http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/master_en_profesorado.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14051&codEstudio=13604&valor=9&orde=true&ano=64 http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_profesorado.html</p>
<p>Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto...)</p>	<p>FCC:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/departamentos.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/ffp/departamentos.html</p>
<p>Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos</p>	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9 http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/d_escargas/PAS_Facultade_CC_Educacixn_-_2013.pdf FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9 http://www.usc.es/gl/centros/ffp/pas.html</p>
<p>Aulas e seminarios</p>	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html</p>
<p>Laboratorios</p>	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html</p>
<p>Salas de informática</p>	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html</p>
<p>Salas de estudo</p>	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html</p>
<p>Biblioteca</p>	<p>FCE:http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html FFP:http://www.usc.es/gl/centros/ffp/servizos.html</p>

Outros servizos dispoñibles	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/servizos.html FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/servizos.html
Espazos para os representantes de estudantes	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestructuras.html FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html
Taxa de graduación	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=65 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=65 (Outra información)
Taxa de abandono	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=65 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=65 (Outra información)
Taxa de eficiencia	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=65 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=65 (Outra información)
Taxa de rendemento	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=65 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=65 (Outra información)
Taxa de éxito	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=65 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=65 (Outra información)
Taxas de inserción laboral	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13251&estudio=14318&codEstudio=13853&valor=9&orde=true&ano=65 FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14049&estudio=14050&codEstudio=13603&valor=9&orde=true&ano=65 (Outra información)
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)	http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html
Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/organos.html FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sqic.html

	http://www.usc.es/gl/centros/ffp/organos.html
Política e obxectivos de calidade	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html
Manual e procedementos do SGC	FCE: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html FFP: http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html

¹ **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

² **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte.**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
1. Descrición do título							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio³							
Satisfactoria	A X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración):</p> <p>O Título aparece descrito na Orde ECI/3858/2007, que é a norma que regula o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, oficializando a súa denominación, formulando os obxectivos e competencias, establecendo os requisitos de acceso e fixando a planificación básica das ensinanzas.</p> <p>A especialidade de Orientación Educativa redefiniuse na Orde EDU/3498/2011, que reforma a Orde ECI/3858/2007. Para adaptar esta especialidade a este novo marco normativo, a Comisión Académica do Máster abordou a reforma do seu plan de estudos a través dunha proposta que aprobou o 18 de xullo de 2012. Culminado o proceso co informe final favorable da ACSUG o 22/07/2014 (ID MEC: 4311008), iniciase a súa implantación no curso 2014-2015.</p> <p>A Memoria de Verificación do Título (MVT) describe este título de Máster no seu apartado 1. A experiencia dos cursos nos que se leva desenvolvendo non ofrece ningunha situación que poida cuestionar a claridade deste criterio, nin nos documentos que o regulan nin na súa implementación.</p> <p>Conclusión:</p> <p>O título está ben definido na normativa legal que o regula e na propia MVT; a nivel social e académico a súa finalidade e perfil formativo están perfectamente identificados pola profesión para a que habilita.</p> <p>As evidencias neste criterio remítense á claridade con que se aborda neses documentos e na falta de consultas por parte dos candidatos antes e durante o proceso de admisión no Máster. En consecuencia, enténdese que o criterio se cumpre de xeito satisfactorio.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS⁴</p> <p>As boas prácticas en relación con este criterio concréntanse:</p> <p>a) Na publicidade das ditas normas e documento no web institucional,</p> <p>b) En actos informativos con estudantes próximos á graduación de distintas Facultades. No curso 2013-2014 realizáronse concretamente en Ciencias da Educación (Campus Vida e Campus Norte), en Matemáticas e en Xeografía e Historia nos meses de maio e xuño.</p> <p>c) Na información que se lle facilita ao alumnado matriculado no Máster antes de comezar o curso. Esta información concreouse nunha xornada de acollida previa ao inicio da docencia que se realizou nas dúas Facultades organizadoras e nun documento de "Información xeral" que se lles entregou e que tamén está accesible na páxina web dos dous centros.</p>							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

³ **Niveis de valoración:**

* **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.

* **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.

* **Insuficiente (C):** existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.

* **Ausencia de evidencias documentais (D):** non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

⁴ **Enténdese por boa práctica:** proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumpre as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectividade dos recursos...).

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
2. Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración):</p> <p>Este Máster é unha esixencia da Lei Orgánica 2/2006 de Educación, que establece nos artigos 94, 95 e 97 que a profesión de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas é regulada e require estar en posesión do correspondente título oficial de Máster.</p> <p>Esta esixencia fundaméntase na racionalidade formativa destes profesionais, toda vez que nas titulacións de grao ou de licenciatura se facilita unha formación estritamente científica na área correspondente que necesita ser complementada cunha formación no ámbito das ciencias da educación orientada á profesión docente. Esta necesidade está plenamente asumida no mundo académico, no da política educativa e na sociedade en xeral.</p> <p>No apartado 2 da Memoria de Verificación do Título xustifícase de maneira argumentada a pertinencia do Máster, con referencias á lexislación e a outros modelos históricos de formación do profesorado de secundaria. Nese mesmo apartado dáse conta das especialidades en que se organiza o Máster, vinculándoas coas distintas áreas de docencia en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.</p> <p>Finalmente, a xustificación da implementación deste Título constátase na elevada demanda que se observa no acceso, mesmo en momentos de expectativas profesionais confusas como son as actuais.</p> <p>Conclusión:</p> <p>O título xustifícase legal, social e profesionalmente. As evidencias legais están nas normas educativas; as sociais, na crecente esixencia de que é obxecto o sistema educativo na formación dos cidadáns, e as profesionais, na conciencia cada vez máis asentada da necesidade dunha formación específica para exercer con garantías a función de docente e educador.</p> <p>Considérase, en consecuencia, que este criterio se cumpre de forma satisfactoria.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>Sesión de acollida no comezo do curso na que se desenvolven actividades orientadas a informar e motivar sobre a profesión docente: mesa redonda coa participación de representantes de diversos sectores da comunidade educativa, cineforum, etc.</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p>							
<p>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</p>							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
3. Competencias							
<i>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración):</p> <p>A Orde ECI/3858/2007 e a Orde EDU/3498/2011, que son as normas que regulan o Máster, xa fixan as competencias e os obxectivos xerais do Título para garantir unha homoxeneidade formativa en todas as universidades que o ofertan.</p> <p>A Memoria para a Verificación do Título recolle as competencias e os obxectivos das normas legais, vinculándoas explicitamente coas tarefas da profesión docente, fundamentándoas desde o punto de vista pedagóxico e complementándoas con demandas referidas especificamente ao contexto galego e á USC como universidade responsable do Máster. Isto último tradúcese na incorporación de competencias transversais fixadas con carácter xeral pola USC para todas as súas titulacións.</p> <p>O grao de adquisición das competencias e obxectivos é o indicador fundamental na avaliación das distintas materias e o procedemento para facelo explicitase nos programas correspondentes. Tendo en conta os resultados obtidos en cada unha delas (incluído o Prácticum e o Traballo de fin de Máster), ese nivel é satisfactorio.</p> <p>Os datos que ofrece a Área de Calidade da USC das taxas de rendemento, éxito, avaliación, etc. son moi positivos e mellores ca os previstos na Memoria do Título (ver criterio "Resultados previstos), o que indirectamente informa de xeito satisfactorio sobre a adquisición das competencias do Máster.</p> <p>Complementariamente, avaliacións internas realizadas desde a coordinación do Máster co alumnado, o profesorado e os titores de prácticas ofrecen tamén unha satisfacción aceptable no que se refire ao nivel de adquisición de diversas competencias. Os datos, nunha escala de 1 a 5, son os seguintes:</p> <p>a) Adquisición da competencia xenérica "Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe (..) atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes": 3,27 (opinión do alumnado).</p> <p>b) Adquisición da competencia asociada ao módulo común "Comprender o que supón o proxecto educativo e participar nas actividades do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia": 2,9 (opinión do alumnado).</p> <p>c) Adquisición da competencia asociada ao módulo específico "Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e formular alternativas e solucións": 4,02 (opinión do alumnado).</p> <p>d) Adquisición de competencias asociadas ao Prácticum:</p> <ul style="list-style-type: none"> - "Adquirir experiencia na planificación, a docencia e a avaliación das materias correspondentes á especialización", "Dominar as destrezas e habilidades sociais precisas para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia": 4,06 (datos do alumnado) / 4,5 (datos dos titores de prácticas). - "Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente": 3,7 (datos do alumnado) / 4,2 (datos dos titores de prácticas). - "Dominar as destrezas e habilidades sociais precisas para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia": 3,7 (datos do alumnado) / 4,5 (datos dos titores de prácticas). - "Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión baseada na práctica": 3,6 (datos do alumnado) / 4,3 (datos dos titores de prácticas). <p>Ao profesorado non se lle preguntou explicitamente sobre cada unha destas competencias, senón que se lle formulou unha pregunta xenérica sobre "os resultados formativos que se están a acadar". A valoración media global foi de 3,57, con oscilacións en función de campus e especialidades, entre 3,4 e 4.</p>							

Conclusións:

Os datos achegados pola avaliación institucional e polas avaliacións internas permiten afirmar que este criterio se está a cumprir de forma suficiente. Con todo, a apreciación do alumnado sobre a adquisición de competencias relacionadas con algún módulo do Máster deixa marxe de mellora, polo que é necesario seguir avanzando na coordinación da docencia e abrir unha reflexión sobre posibles axustes nas fichas dalgunhas materias.

Valoración do cumprimento das propostas de mellora do Informe do curso 2012-2013:

1ª.- *“En moitas reunións de traballo presenciais non se consegue unha participación satisfactoria. É necesario deseñar novas fórmulas de interacción e coordinación complementarias que axuden a superar esas limitacións derivadas da complexidade do Máster (número de docentes e diversidade de centros e áreas de procedencia, número de titores e centros de prácticas, etc.)”*

Non se habilitou ningunha fórmula alternativa ás reunións presenciais e ás comunicacións electrónicas ordinarias. En consecuencia, segue sendo unha proposta pendente de tradución en accións de mellora concretas.

2ª.- *“Deberase seguir avanzando na mellora dos programas das materias para asegurar coherencia entre o seu contido e as achegas de cada unha ás competencias previstas no Máster”.*

Continuouse con accións xa iniciadas en cursos anteriores que permitiron melloras significativas:

- Adaptáronse as Guías do Prácticum e dos TFM á “Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos de fin de grao e fin de máster da USC” de 2 de maio de 2013, e reformulouse algún apartado para mellorar en claridade ou operatividade (especialmente, no informe-modelo de avaliación dos titores de prácticas e nos documentos para a xestión do proceso de defensa dos TFM: documento de inicio do TFM, modelo de solicitude para a defensa do TFM, etc.)

- Supervisáronse de forma máis rigorosa os programas das materias aprobados polos departamentos para garantir coherencia coas fichas e evitar reiteracións. Este labor realizouse por módulos e especialidades e supuxo que a Comisión Académica en reunión celebrada o 27 de xuño de 2014 acordase reclamar dos departamentos cambios concretos nalgúns deles. Esta petición foi atendida de forma satisfactoria, o que permitiu a súa aprobación definitiva.

- Revisáronse detidamente os programas correspondentes á especialidade reformada de Orientación Educativa que se implanta no curso 2014-2015 para asegurar que responden ás competencias establecidas na mesma

BOAS PRÁCTICAS:

As boas prácticas no que se refire a este criterio durante o curso 2013-2014 seguíronse orientando a mellorar a coordinación a diversos niveis: entre as materias de cada especialidade e itinerario, entre os módulos específicos e o común, e entre a formación que se desenvolve nas Facultades organizadoras e a dos centros de prácticas. Este esforzo coordinador traducíuse nas seguintes accións:

1) Creación dunha Subcomisión de apoio á coordinación no seo da Comisión Académica, integrada polos coordinadores en cada campus e por un representante de cada módulo ou especialidade (acordo tomado en sesión da CA celebrada o 10 de xuño de 2013)

2) Reunións de profesorado por módulos e especialidades previas ao comezo do curso para concretar aspectos de desenvolvemento dos programas.

3) Xornadas formativas con profesorado do Máster e titores de prácticas celebradas os días 19 e 20 de marzo de 2014 baixo o título de *A titoría do prácticum no Máster en profesorado de secundaria como escenario de desenvolvemento profesional*. Actividade recoñecida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como formación permanente do profesorado e rexistrada no Servizo de Formación do Profesorado co número X1301007.

4) Reunión xeral de profesorado do Máster celebrada o 20 de maio de 2014 para facer balance do desenvolvemento da docencia, analizar a Guía do TFM e avanzar na unificación de criterios na súa presentación e avaliación, e tomar decisións relacionadas coa planificación do curso 2014-2015.

5) Reunións de profesorado durante o mes de xuño para avaliar o desenvolvemento da docencia por módulos e especialidades, e para valorar posibles axustes en fichas e programas

PROPOSTAS DE MELLORA:

1.- Potenciar a Subcomisión de apoio á coordinación como instrumento para a mellora do funcionamento interno de cada módulo e especialidade.

2.- Someter a revisión as fichas das materias de cada módulo/especialidade para valorar a conveniencia de realizar cambios que melloren a coherencia e a complementariedade entre elas.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

Como se indicou no apartado “Reflexión”, as avaliacións internas do alumnado e do profesorado sinalan algúns solapamentos entre algunhas materias e algúns déficits na súa achega ás competencias do Título. Esta información, xunto cos 5 cursos transcorridos desde a implantación do Máster, fai recomendable iniciar unha revisión das fichas, que non se prevé substancial, pero que debe permitir perfilar mellor os campos de cada materia e a súa complementariedade.

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

4. Acceso e admisión de estudantes

Valorarase o criterio de “Acceso e admisión de estudantes” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Política e procedementos de admisión” do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A X	Suficiente	B X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	--------	------------	--------	--------------	---	------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración):

A oferta de prazas mantense desde o inicio da implantación do título en 240 (180 en Santiago e 60 en Lugo), co incremento no curso 2013-2014 de 20 prazas en Santiago para o alumnado da especialidade de Orientación Educativa que só ten que facer o Traballo de Fin de Máster (Resolución reitoral de 12 de setembro de 2012 de recoñecemento de créditos aos licenciados en Pedagogía e Psicopedagogía). Tamén é a mesma desde o primeiro curso a oferta de especialidades e itinerarios, globalmente e por campus.

Existe unha Comisión de Coordinación do Máster que é a responsable de valorar anualmente a conveniencia de facer algún axuste. Na reunión celebrada o 14/03/2014 decidiuse manter a mesma oferta por campus e especialidades para o curso 2014-2015 e tamén a cota de reserva para algunhas titulacións. Os acordos desta comisión foron oficializados mediante Resolución reitoral de 27 de xuño de 2014.

A demanda seguiu lixeiras oscilacións ao longo dos últimos cursos, cunha tendencia ascendente. A matrícula no curso 2013-2014 foi de 214 estudantes (132 mulleres e 82 homes). A porcentaxe de estudantes que accederon ao Título nese curso con puntuación igual ou superior a 6 foi do 95,65%.

Obsérvase unha demanda crecente dunha modalidade de docencia que non esixa presencialidade (ou suavice esta esixencia); cuestión complexa, pero que recomenda que se estude.

O perfil do estudante matriculado é fundamentalmente galego; no curso 2013-2014 o número de estudantes estranxeiros foi de 4 e o procedente doutras comunidades do Estado, de 3. Tamén é moi minoritario o número de estudantes que solicitan matrícula parcial (arredor do 1%)

<https://aplicacions.usc.es/aasx/web/indicadores/explotacion.htm>

Os requisitos de acceso e admisión están recollidos con claridade na Orde ECI/3858/2007, na Memoria do Título (apartado 4) e na normativa de matrícula no Máster. As especificidades sobre oferta de prazas por campus e especialidade, e sobre o perfil de acceso a cada unha delas regulouse pola Resolución reitoral que se indicou máis arriba.

Aínda que na MVT se prevén probas de acceso para situacións especiais, non houbo necesidade de realizalas.

Á información web para o proceso de admisión e matrícula accédese desde a páxina principal da USC (ligazón “Oferta académica” – “Másteres”: <http://www.usc.es/masteres/>)

As consultas electrónicas canalizáronse a través do correo master@usc.es, habilitado especificamente no Servizo de admisión da UXA, e a través de master.secundaria@usc.es, da coordinación do Título.

No curso 2013-2014, en aplicación dunha proposta de mellora do anterior informe de seguimento, adaptouse a adscrición dalgunhas titulacións ás especialidades do Máster para buscar unha maior coherencia entre elas. Con todo, a necesidade de reducir a gran diversidade de titulacións universitarias a un número limitado de especialidades no Máster fai que siga habendo algún encaixe complexo que se resolve a través de informes da Comisión Académica e da Coordinación do Máster.

Outra cuestión que se debe someter a análise é a conveniencia de realizar o acceso ao Título por especialidades ou por itinerarios. Relacionado con isto, e condicionado pola resposta que se lle dea, está a reflexión sobre a oportunidade de retirar ou manter na Resolución reitoral de admisión algúns itinerarios que formalmente non se ofertan no Máster da USC (“Formación e Orientación Laboral” na especialidade de Formación Profesional e “Tecnoloxía e Informática” na de CC. EE., Matemáticas e Tecnoloxía e Informática).

A satisfacción do alumnado co proceso de preinscrición, matrícula e xestión académica en xeral é de 3,28 nunha escala de 1 a 5 (datos dunha avaliación específica realizada desde a coordinación do Máster a finais do curso 2012-2013).

Conclusións:

O cumprimento deste criterio mostra algunha debilidade pola difícil adscrición dalgunha titulación e pola inexistencia dunha alternativa non presencial ou semipresencial, pero globalmente considérase satisfactorio.

Cumprimento das propostas de mellora do informe de seguimento do curso 2012-2013:

1.- *Continuar coa proposta de mellora xa sinalada no informe de seguimento do curso 2011-2012 de revisión da adscrición entre titulacións universitarias e especialidades do Máster, especialmente na de Formación Profesional.*

Esta proposta de mellora traduciuse na reubicación dalgunha titulación, atendendo a dous criterios: por unha banda, a afinidade entre os plans de estudo da titulación e da especialidade do Máster, e, por outro, o ámbito docente ao que está primariamente orientada a dita titulación.

Como se sinala no apartado “reflexión” e tamén nas “conclusións”, persisten algunhas situacións complexas e mesmo cómpre someter a análise a conveniencia de realizar a admisión no Título por especialidade, por itinerario ou mesmo por algún procedemento mixto.

2.- *Trasladar á Unidade de Xestión Académica a conveniencia de revisar o calendario de matrícula.*

Esta proposta de mellora buscaba unha coincidencia entre o final do calendario de matrícula e o comezo da docencia, para evitar incorporacións tardías. O axuste de calendario para o curso 2014-2015 resolveu satisfactoriamente esta cuestión.

BOAS PRÁCTICAS

Destácase unha vez máis a boa comunicación entre a coordinación do Máster e a Unidade de Xestión Académica, que permitiu resolver con rapidez e eficacia algunhas situacións problemáticas.

PROPOSTAS DE MELLORA:

1. Iniciar o estudo dunha posible alternativa non presencial ou semipresencial para o Máster.
2. Analizar a funcionalidade das especialidades e itinerarios como criterio de acceso ao Máster.
3. Estudar a conveniencia de ofertar o itinerario de “Sector Servizos” na especialidade de Formación Profesional en Lugo.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

1ª proposta de mellora:

Nos últimos cursos véñse constatando a existencia dun número non cuantificado de alumnos que teñen que renunciar a matricularse no Máster por incompatibilidade horaria con outras ocupacións. A iniciativa que se formula como proposta de mellora está orientada a atender esta demanda que non atopa resposta satisfactoria no sistema universitario galego e, de maneira insuficiente, na UNED. Trataríase de empezar a estudar, xunto coas instancias de goberno da USC, a demanda previsible, os recursos necesarios, etc. para valorar a súa viabilidade.

2ª proposta de mellora:

A admisión por especialidade facilita o acceso, pero dificulta a homoxeneidade do grupo e a afinidade dalgunhas titulacións co plan de estudos. Convén analizar cal dos criterios aporta máis beneficios e crea menos dificultades, así como a oportunidade de manter ou eliminar da RR de admisión no Máster os itinerarios que non se ofertan na USC (“Tecnoloxía e Informática” e “Formación e Orientación Laboral”). De optar pola eliminación, hai que decidir se se inclúen ou non noutros itinerarios as titulacións vinculadas a eles.

3ª proposta de mellora:

Esta proposta xustifícase porque ese é o único itinerario do Máster ao que poden optar os graduados en mestre e mestra da Facultade de Formación do Profesorado no campus de Lugo.

É unha proposta que interacciona coa 2ª: se a admisión se decide por especialidade, todas as titulacións vinculadas a calquera itinerario de FP poderían acceder ao Máster en Lugo e en Santiago; se se fai por itinerario, sería necesario explicitar cal ou cales se imparten en cada campus, pero obrigaría tamén a un plan de estudos diferenciado, aínda que só fose parcialmente, para cada itinerario.



3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

5. Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Planificación da enseñanza” do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente X	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración):</p> <p>A organización básica das ensinanzas (grandes módulos, número mínimo de créditos, descritores, competencias, etc.) está fixada na Orde ECI/3858/2007, e a súa concreción faise na Memoria de Verificación do Título (apartado 5 sobre “Planificación das ensinanzas”).</p> <p>Esta planificación mostra unha gran complexidade por mor de distintos factores: a) a existencia de diversas especialidades (6 en Santiago e 3 en Lugo) e itinerarios (11 en Santiago e 3 en Lugo); b) a diferenciación entre distintos módulos que requiren criterios organizativos diferentes: módulo de materias comúns, módulo específico de complementos de formación disciplinar e módulo de materias sobre didácticas específicas; c) a realización de dous períodos de prácticas externas en centros de secundaria de toda Galicia; d) a xestión, dirección e avaliación dos Traballos de fin de máster dun número tan elevado de estudantes; e) a participación no Máster dun número moi elevado de docentes que, ademais, pertencen a moi diversas áreas de coñecemento.</p> <p>Esta complexidade non impediu que os aspectos básicos deste criterio, igual que en cursos anteriores, se resolvesen de forma bastante satisfactoria: o calendario e horarios son públicos e cúmprense con rigor, a docencia foi atendida na súa totalidade polo profesorado que a tiña asignada, a relación cos centros e titores de prácticas funcionou correctamente, o proceso de elaboración, defensa e avaliación dos Traballos de fin de máster abordouse segundo as previsións nas distintas convocatorias, etc.</p> <p>Con todo, nunha análise máis miúdo a partir da valoración do alumnado, do profesorado e dos titores das prácticas externas detéctanse fortalezas e debilidades. Extractamos deseguido os datos máis relevantes que ofrecen esas avaliacións sobre distintos aspectos relacionados con este criterio (escala 1-5):</p> <p>a) Valoración dos estudantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coordinación: satisfacción no que se refire á coordinación xeral (3,92), pero insatisfacción na coordinación da docencia, especialmente no módulo común (2,13) e en menor medida nos específicos (2,79). - Docencia das materias: satisfacción global de 3,4 coas do bloque específico e de 2,85 coas do común. Canto á percepción sobre a contribución á súa formación como docente, 3,53 e 2,79, respectivamente. - Os aspectos mellor valorados tanto nas materias comúns como nas específicas son o cumprimento do horario por parte do docente (4,28 e 4,63, respectivamente), a dispoñibilidade e atención do docente (3,82 e 3,96), e a participación do alumnado na dinámica da materia (3,44 e 3,88). Tamén se sitúan na banda positiva da escala a adecuación do sistema de avaliación (3,41 e 3,8), a organización e claridade nas exposicións do docente (3,2 e 3,42) e a xustificación do programa (3,24 e 3,26). O indicador máis negativo é o da coordinación dentro da mesma materia cando é compartida por varios docentes (2,46 no módulo común e 2,62 no específico). - Valor formativo das actividades do Prácticum 1: media de 3,51, sendo a mellor valorada, “Observación e análise da vida escolar” (4,2) e a peor a “Preparación, seguimento e avaliación do Prácticum por parte do titor da universidade (2,34). - Valor formativo das actividades do Prácticum 2: media de 4,08, sendo a mellor valorada, “Desenvolvemento da intervención didáctica ou de orientación” (4,73) e a peor a “Preparación, seguimento e avaliación do Prácticum por parte do titor da universidade (3,13). - Satisfacción con distintos axentes do Prácticum: alumnado de secundaria 4,6; coordinador no centro de secundaria 3,96; titor de secundaria 4,55; titor na universidade 2,86 (Prácticum 1) e 3,29 (Prácticum 2). - Satisfacción co Tráballo de fin de Máster: Guía e outra documentación 3,7; coordinación xeral 3,84; titor/a do TFM 4,02; implicación persoal 4,15. 							

b) Valoración do profesorado (datos referidos ao curso 2013-2014)

- Planificación e organización: coordinación xeral do Máster: 4,46; calendario da docencia: 3,83; módulos horarios: 3,72.
- Docencia dos módulos e especialidades: implicación e interese do alumnado na docencia: 3,75; coordinación da docencia dentro do módulo ou especialidade: 3,35; resultados de aprendizaxe acadados: 3,91
- Prácticum: Guía e documentación xeral: 3,97; interacción cos titores de secundaria: 3,9; contribución como titores ás aprendizaxes do Prácticum: 3,41
- Tralado de fin de máster: Guía e documentación xeral: 4,1; calendario: 3,07; organización das presentacións e defensas: 3,41; actuación dos tribunais e avaliación: 3,42; implicación dos estudantes: 4,15; contribución como titores ás aprendizaxes do TFM: 3,82
- Consideracións xerais: funcionamento do Máster: 3,76; resultados formativos acadados: 3,57; implicación persoal como docente: 3,95; satisfacción global: 3,84.

c) Valoración dos titores de secundaria (datos 2012-2013)

- Valor formativo das actividades previstas na Guía: Prácticum 1: 4,45; Prácticum 2: 4,52.
- Satisfacción con distintos axentes do Prácticum: estudantes titorizados: 4,68; coordinador das prácticas no centro: 4,29; titores da universidade: 3,54; coordinación xeral do Máster: 3,65.
- Satisfacción global cos resultados formativos acadados: Prácticum 1: 4,26; Prácticum 2: 4,56.
- Guía e documentación do Prácticum: claridade: 4,17; utilidade: 3,88; grao de seguimento: 3,74

Os datos que acabamos de presentar ofrecen unha valoración matizadamente diferente: moi satisfactoria por parte dos titores de prácticas nos centros de secundaria; globalmente satisfactoria no caso do profesorado que participa nos distintos módulos e especialidades do Máster, e menos satisfactoria por parte do alumnado, pero mantendo o nivel positivo en case todos os indicadores.

Conclusións:

En función do exposto, a valoración global deste criterio situámola globalmente en suficiente, pero con algúns aspectos que se poden considerar satisfactorios e outros que cómpre mellorar.

No que se refire aos máis positivos, destacan os relacionados co Prácticum (coa tacha da escasa valoración do papel desenvolvido polos titores da universidade), co Tralado de fin de Máster (malia o insuficiente recoñecemento docente para a súa titorización), algúns aspectos da docencia do resto das materias (cumprimento das obrigas dos docentes, dinámicas de aprendizaxe, adecuación do sistema de avaliación), así como a planificación e a coordinación xeral da docencia e os documentos que a regulan (Guías, etc.)

En canto ás cuestións que necesitan mellora están fundamentalmente a coordinación da docencia (dentro de cada módulo e nas materias compartidas) e a función dos titores da universidade na preparación, seguimento e avaliación do Prácticum.

Cumprimento das propostas de mellora formuladas no informe do curso 2012-2013:

1. *Seguir avanzando na coordinación entre os docentes e na mellora dos programas das materias para asegurar coherencia entre o seu contido e as achegas de cada unha ás competencias previstas no Máster.*

Malia seguir sendo unha das debilidades do Título, a coordinación da docencia potenciouse coa creación dunha Subcomisión de apoio á coordinación xeral, con representantes de cada módulo e especialidade, e coa realización de reunións co profesorado en distintos momentos do curso (ver o apartado "Boas prácticas" do criterio "Competencias"). No que se refire á 'mellora dos programas', abordouse no momento da elaboración dos correspondentes ao curso 2014-2015, a través dalgunhas indicacións remitidas desde a coordinación do Máster aos departamentos e mediante unha supervisión da realizada desde a Comisión Académica polos coordinadores de módulo e especialidade.

2. *Demandar da Vicerreitoría de Titulacións e PDI da USC maior valoración en horario docente para a titorización dos TFM e recoñecemento tamén para a participación nas comisións de avaliación dos mesmos.*

Na Planificación Académica do curso 2014-2015 ipasou de 2,5 a 3h. o recoñecemento por titorización de cada TFM. Este incremento resulta absolutamente insuficiente e insatisfactorio, coa agravante de que se acompañou dunha diminución no recoñecemento docente por titorización do Prácticum (de 2,5 a 1,5h.)

BOAS PRÁCTICAS

Destacamos como boas prácticas as orientadas a mellorar a coordinación da docencia a distintos niveis (intramódulos, intermódulos, entre a docencia universitaria e as prácticas externas, no proceso de elaboración, defensa e avaliación dos TFM etc.)

Estas boas prácticas concréntanse na creación dunha Subcomisión de apoio á coordinación e na realización periódica de reunións de coordinación en distintos momentos do curso e con distintos colectivos (ver detalle no criterio “Competencias” deste Informe)

PROPOSTAS DE MELLORA:

Malia o esforzo de mellora na coordinación, os resultados seguen sen ser satisfactorios. Isto obriga a seguir mantendo como proposta de mellora o traballo nesta dirección, especialmente na planificación da docencia interna de cada módulo/especialidade. En consecuencia, reitéranse neste criterio as mesmas propostas de mellora xa indicadas no criterio “Competencias”:

- 1.- Potenciar a Subcomisión de apoio á coordinación como instrumento para a mellora do funcionamento interno de cada módulo e especialidade, conseguindo un recoñecemento institucional para o seu labor.
- 2.- Someter a revisión as fichas das materias de cada módulo/especialidade para valorar a conveniencia de realizar cambios que melloren a coherencia e a complementariedade entre elas.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

A xustificación xa se ofrece nos epígrafes anteriores.

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
6. Recursos humanos							
<i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B x	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
Reflexión (xustificación da valoración):							
Profesorado:							
O número total de docentes que participaron no desenvolvemento do Máster foi de 96, 74 no campus de Santiago e 22 no de Lugo.							
Todo este profesorado está adscrito ás áreas de coñecemento recoñecidas na universidade, pertence a corpos universitarios diversos (catedráticos, titulares, contratados-doutor, axudantes-doutor e asociados), procede de distintos ámbitos científicos e unha parte importante ten experiencia en educación secundaria, o que se considera un valor moi positivo neste Título.							
Durante os cursos que leva implantado o Máster, mantéñense bastante estables distintos indicadores relacionados co profesorado. Os datos do curso 2013-2014 son os seguintes: PDI funcionario, 53,41%; PDI doutor, 81,82%; PDI con sexenios, 32,95%.							
Tanto o número como a diversidade de procedencia do profesorado implica dificultades na xestión (compatibilidade de horarios, organización dos tribunais para os Traballos de fin de máster, etc.), pero que se resolveron sen problemas de relevancia.							
A asignación de docencia realízana os departamentos de acordo coa normativa da USC e cos seus criterios internos. A coordinación do Máster, co propósito de garantir condicións que melloren a coordinación da docencia e continuando con actuacións xa realizadas en cursos anteriores, trasladou ás direccións dos departamentos as seguintes indicacións:							
<ul style="list-style-type: none"> - Evitar unha fragmentación excesiva das materias. - Elaborar os programas atendendo con rigor ás fichas das materias e asegurando que coincidan nos dous campus (a Comisión Académica supervisou esta indicación en reunión celebrada o 27/06/2014, reclamando dalgúns departamento a revisión de programas que non cumprían satisfactoriamente este requisito). - Necesidade de que todo o profesorado con docencia nalgunha materia do Máster asuma docencia en TFM, para poder asegurar a titorización de todo o alumnado. 							
A satisfacción global do profesorado como docente do Máster é de 3,84 nunha escala de 1 a 5 (datos de avaliación interna do curso 2013-2014)							
Titores e coordinadores de secundaria para o Prácticum:							
A acreditación de centros e titores colaboradores do Prácticum realízaa a Consellería de Educación de acordo coa Orde do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio de 2011). Cada curso a propia Consellería fai unha convocatoria para que os centros presenten solicitudes de actualización deses datos; no curso 2013-2014 fíxoo mediante Resolución de 13 de setembro de 2013.							
No Prácticum do Máster no curso 2013-2014 participaron 172 titores e 68 coordinadores de prácticas noutros tantos centros distribuídos por toda Galicia.							
O elevado número de centros e persoas titoras non é unha dificultade importante para a comunicación institucional entre a universidade e os centros de prácticas, que funciona de xeito satisfactorio, pero si para a coordinación máis personalizada entre os supervisores universitarios, os titores e o propio alumnado, que é unha das debilidades máis importantes que sinalan os estudantes (ver criterio "Planificación das ensinanzas")							
No que se refire ao nivel de implicación de coordinadores e titores, a valoración global é positiva, e o seu nivel de satisfacción tamén, tal como o demostran os resultados da enquisa que contestaron no remate do Prácticum 2 (ver resultados no criterio "Planificación das ensinanzas").							

Persoal de administración e servizos:

O Máster non ten persoal de administración e servizos específico en ningún dos centros nos que se imparte.

Esta carencia xa foi sinalada como unha debilidade en anteriores informes de seguimento, o que levou a que se formulase como proposta de mellora no do curso 2012-2013 “*conseguir reforzo de apoio administrativo e do servizo de conserxería no campus de Santiago*”. As xestións realizadas só conseguiron que se cubrixe unha vacante por xubilación na conserxería da Facultade de Ciencias da Educación (deserta durante varios meses) e un reforzo puntual do apoio administrativo nesa mesma Facultade para xestións comúns aos dous campus relacionadas especialmente co Prácticum.

Conclusións:

En función da reflexión anterior, a valoración do cumprimento deste criterio é similar á do curso 2012-2013: globalmente satisfactorio no referente ao profesorado; suficiente en canto aos títos de secundaria, e insuficiente no que toca ao apoio á xestión administrativa, se ben esta última apreciación se refire ao número de persoas dispoñibles e non á súa implicación e idoneidade.

Cumprimento das propostas de mellora formuladas no informe do curso 2012-2013:

1.- Demandar da Vicerreitoría de Titulacións e PDI da USC maior valoración en horario docente para a titorización dos TFM e algún recoñecemento para a participación nas comisións de avaliación dos mesmos (proposta enunciada tamén no criterio de “Planificación das ensinanzas”).

Era unha proposta de mellora referida á planificación académica, pero que repercutía directamente no profesorado, razón pola que se incluíu neste criterio. O resultado é totalmente insatisfactorio: os cambios introducidos non supuxeron ningunha mellora. Reitérase como proposta de mellora neste informe.

2.- Conseguir reforzo do apoio administrativo para a xestión do Máster.

Como se indicaba no apartado “Reflexión”, o reforzo puntual que se conseguiu na Facultade de Ciencias da Educación considérase insuficiente. Mantense tamén como demanda.

BOAS PRÁCTICAS

Concrétanse na boa comunicación entre a coordinación do Máster e os diversos colectivos analizados neste criterio, na colaboración mostrada por cada un deles desde a súa parcela de responsabilidade e nas actividades de información-coordinación co profesorado e cos títos de Prácticas (a secuencia temporal das principais reunións realizadas no curso 2013-2014 recóllense no criterio “Competencias”).

A maiores, cómpre sinalar a avaliación de satisfacción realizada co profesorado do Máster ao rematar o curso 2013-2014, que se suma ás protagonizadas polo alumnado e polos títos de prácticas no final do 2012-2013. Esta actividade de avaliación, á parte de permitirlle á coordinación do Máster coñecer a opinión dos colectivos afectados, favorece a implicación e o compromiso individual co Título.

PROPOSTAS DE MELLORA:

1. Demandar das instancias competentes na USC un maior recoñecemento docente para a titorización do Prácticum e dos TFM.
2. Conseguir un reforzo de persoal administrativo para a xestión do Máster.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

No curso 2012-2013 formulábanse estas mesmas propostas de mellora, pero os resultados conseguidos son insatisfactorios:

O recoñecemento docente para a titorización dos Traballos de fin de máster pasou de 2,5h a 3h. e o do Prácticum baixou de 2,5h. a 1,5h. En consecuencia, os cambios non só non melloraron, senón que mesmo empeoraron a situación anterior. A importancia formativa destes dous módulos docentes e a dedicación que esixe das persoas que se encargan da súa titoría reclaman unha mellora substancial e urxente.

A complexidade da xestión do Máster, especialmente no que se refire ás prácticas externas (elaboración de destinos, nomeamento de títos e coordinadores, certificación da súa colaboración, elaboración das nóminas de pagamento, etc.) esixe un apoio administrativo estable do que neste momento non se dispón.

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
7. Recursos materiais e servizos							
Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración):</p> <p>Na Memoria de Verificación do Título (apartado 7) identifícanse os recursos materiais e os servizos necesarios para o seu desenvolvemento.</p> <p>O contraste cos compromisos asumidos nese documento e a valoración da súa contribución ao desenvolvemento do título sintetízámola no seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O servizo de biblioteca considérase entre suficiente e satisfactorio nos dous campus no que se refire a dotación e ao sistema de acceso. A valoración deste servizo polos estudantes e polo profesorado nas respectivas avaliacións de satisfacción foi de 3,55 e de 4 nunha escala de 1 a 5. - Non houbo melloras substantivas nos recursos informáticos dos dous centros nos que se desenvolve o Máster, polo que seguen merecendo a mesma valoración: suficiente no que se refire a equipamento básico, pero con reparos polas condicións dalgúns equipos e pola escaseza ou difícil acceso a ferramentas tan habituais nos centros educativos como as pizarras electrónicas . A valoración que fai o alumnado deste servizo foi de 2,85 e o profesorado de 3,23 (escala de 1 a 5) - O equipamento das aulas no campus de Santiago mellorou pola dotación de mesas e cadeiras en substitución das cadeiras de pá. Non se dispón da valoración desta mellora por parte do alumnado no curso 2013-2014; a do profesorado é de 3,41 (escala de 1 a 5). - Non se produciron cambios na aplicación informática de xestión do Máster, polo que hai que reiterar a necesidade de mellora que xa se sinalaba no informe do curso 2012-2013. <p>Conclusións:</p> <p>Cos matices sinalados na descrición anterior, a valoración global deste criterio é de suficiente.</p>							
<p>Cumprimento das propostas de mellora formuladas no informe do curso 2012-2013:</p> <p>1. <i>Conseguir unha ferramenta informática alternativa que facilite a xestión do Máster.</i></p> <p>Non se cumpriu. Mantense no informe actual.</p> <p>2. <i>Negociar coa Consellería de Educación un procedemento máis eficaz para a acreditación de centros e titores que permita dispor dunha base de datos fiable e actualizada de centros e titores antes de comezar o Prácticum.</i></p> <p>A coordinación deste Título implicou ás correspondentes das outras universidades do SUG nun intento de trasladar á Consellería de Educación diversas demandas relacionadas co Prácticum, entre as que estaba a formulada nesta proposta de mellora. Durante o mes de maio intentouse sen éxito concertar unha reunión con responsables da administración educativa galega.</p> <p>Dado que no momento de emitir este informe aínda non se dispón da relación definitiva de centros e titores acreditados para o curso 2014-2015, non se sabe se se corruxiron ou non as deficiencias ás que aludía a proposta de mellora.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS</p> <p>Continuouse co equipamento das aulas da Facultade de Ciencias da Educación con mesas para os estudantes, en substitución das cadeiras de pá.</p>							

PROPOSTAS DE MELLORA:

Mantense a primeira das que se formulaban no informe do curso 2012-2013: conseguir unha ferramenta informática alternativa que facilite a xestión do Máster.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
8. Resultados previstos							
<p><i>Valorarase o criterio de “Resultados previstos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos e “Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos” do Programa FIDES-AUDIT.</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A X	Suficiente	B X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración): No capítulo 8 da Memoria de Verificación do Título fíxase a seguinte previsión de resultados: taxa de graduación, 80%; taxa de eficiencia: 85%; taxa de abandono, 15%</p> <p>Os resultados obtidos melloran estas expectativas: os datos do curso 2013-2014, moi similares aos de cursos anteriores, son os seguintes: taxa de rendemento e de avaliación, 95,71%%; taxa de éxito, 100%; taxa de graduación, 84,75%; taxa de eficiencia, 98,34; taxa de abandono, 10,73% (neste caso bastante superior ao de cursos anteriores e sen explicación aparente). https://aplicacions.usc.es/aasx/web/indicadores/explotacion.htm?accion=outrasExplotacions&id=13643</p> <p>A opinión do alumnado e do profesorado sobre este criterio pódese inferir da súa resposta ás enquisas de satisfacción:</p> <p>a) Enquisa institucional da USC: - Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 3,6 - Satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas: 3,91</p> <p>b) Enquisa específica realizada pola coordinación do Máster (a escala utilizada é de 1 a 5): Opinión do alumnado (datos curso 2012-2013): - “Interese por ser profesor”: antes do Máster, 3,92; despois do Máster, 4,46. - “Interese por cuestións educativas”: antes do Máster, 3,79; despois, 4,21. - “Satisfacción por ter realizado o Máster”: 3,06.</p> <p>Opinión do profesorado (datos curso 2013-2014): - “Resultados de aprendizaxe conseguidos na docencia da súa materia”: 3,91 - “Resultados formativos que se están a acadar globalmente no Máster”: 3,57</p> <p>Conclusións: Mantense a valoración que se facía no informe do curso 2012-2013: o grao de cumprimento do criterio, contrastando as previsións da MVT e as taxas obtidas, e tamén os resultados da avaliación de satisfacción do alumnado, situámolo entre suficiente e satisfactorio.</p>							
BOAS PRÁCTICAS							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
9. Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de “Sistema de garantía de calidade” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración):</p> <p>No curso 2013-2014 non se produciron cambios relevantes neste criterio, polo que se mantén o substancial do indicado no informe do curso 2012-2013.</p> <p>O grao de cumprimento do criterio de ‘sistema de garantía de calidade’ que se establece na Memoria do Título (capítulo 9) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade resulta satisfactorio, polo grao de concordancia existente entre ambos.</p> <p>O Informe final do Sistema de Garantía Interno da Calidade do Centro (SGIC) obtivo valoración positiva da ACSUG con data 30 de abril de 2012.</p> <p>En maio de 2013 A USC aprobou un Sistema Marco de Garantía de Calidade (http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/sgic-usc.html) ao que os centros deben adaptar o seu Manual Simplificado, proceso no que están no momento de elaborar este informe</p> <p>Con todo, a complexidade deste Máster esixe activar medidas de coordinación a todos os niveis e tamén garantir unha boa colaboración con ámbitos externos á USC, en concreto, coa Consellería de Educación e cos centros de secundaria. A existencia dun convenio de colaboración entre as dúas institucións para o Prácticum facilita esta colaboración.</p> <p>Conclusións:</p> <p>A valoración global deste criterio non é doada, porque o sistema de garantía de calidade está aprobado, pero pendente de implementación. A existencia de manuais xa aprobados pola ACSUG é un punto de partida positivo, pero debe traducirse en accións concretas.</p>							
BOAS PRÁCTICAS							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
10. Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de “Calendario de implantación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</p> <p>O título está implantado e véñse desenvolvendo desde o curso 2009-2010.</p> <p>O 18 de xullo de 2012 a Comisión Académica do Máster elaborou unha proposta de reforma da especialidade de Orientación Educativa para adaptala á Orden EDU 3498/2011. Esta proposta, coa aprobación do Consello de Goberno da USC e do Consello Social, foi avaliada pola ACSUG, que emitiu un informe final favorable á modificación do plan de estudos o 22 de xullo de 2014.</p> <p>Esta especialidade do Máster implántase por primeira vez no curso 2014-2015, polo que non existen indicadores para valorar neste informe.</p> <p>Síntese valorativa:</p> <p>O cumprimento deste criterio considérase satisfactorio.</p>							
BOAS PRÁCTICAS							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:							

4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓ, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO			
INFORME FINAL DE VERIFICACIÓ			
Recomendaci3ns	establecidas	no	Acci3ns levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, ...)
Informe final			
<p>Especificar o n3mero m3ximo de cr3ditos susceptibles de seren transferidos e recoñecidos.</p>			<p>Na contestaci3n a esta recomendaci3n a Comisi3n redactora da memoria do t3tulo argumentaba, que coa informaci3n dispoñible naquel momento, non era posible establecer ese l3mite, polo que se asum3a a normativa da USC.</p> <p>Esta normativa de car3cter xeral 3 a que segue rexendo na actualidade, complementada co que establece o artigo 6 do Real Decreto 861/2010 que fixa un m3ximo do 15% do total de cr3ditos do T3tulo para seren recoñecidos pola experiencia laboral e profesional.</p> <p>Calquera outra situaci3n singular 3 abordada e resolvida pola Comisi3n acad3mica.</p>
INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS			
Recomendaci3ns	establecidas	no	Acci3ns levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, ...)
Informe final			
<p>O Informe final sobre as modificaci3ns na especialidade de Orientaci3n Educativa emitido pola ACSUG o 22/06/2014 foi favorable sen recomendaci3ns.</p>			<p>As recomendaci3ns que se formulaban no Informe provisional subsan3ronse no per3odo de alegaci3ns.</p>
INFORME FINAL DE SEGUIMENTO DO CURSO 2012-2013			
Recomendaci3ns	establecidas	no	Acci3ns levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, ...)
Informe final			
<p>O Informe final de seguimento do T3tulo emitido pola ACSUG foi "Conforme" coas seguintes recomendaci3ns:</p>			
<p>INFORMACI3N P3BLICA:</p> <p>1.- Revisar os idiomas en que se imparte o t3tulo.</p> <p>2.- Incluir os resultados relativos a inserci3n laboral.</p> <p>3.- "Especificar as convocatorias, comisi3ns de avali3n e tem3ticas dos Traballos de Fin de M3ster".</p>			<p>1. Recomendaci3n trasladada ao Servizo de xesti3n da oferta e programaci3n acad3mica da USC no mes de setembro, unha vez recibido o Informe.</p> <p>2. Non se disp3n de datos actualizados sobre este indicador. Trasl3dase esta carencia 3s instancias competentes.</p> <p>3.- A informaci3n sobre os Traballos de Fin de M3ster defendidos en cada curso publ3case nas p3xinas web das Facultades organizadoras ao rematar a convocatoria de setembro.</p> <p>Nesas mesmas p3xinas an3nci3anse ao comezo de cada curso as li3as tem3ticas para eses traballos e os docentes responsables de cada unha.</p> <p>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/master_en_profesorado.html</p> <p>http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_profesorado.html</p>

<p>CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO:</p> <p>Criterio "Descrición do título"</p> <p>Indícase que "non se aporta reflexión nin datos suficientes"</p>	<p>Non se inclúen algúns datos (número de alumnos a tempo parcial, por exemplo) por seren irrelevantes. Con todo, no Informe actual (criterio "Acceso e admisión dos estudantes") apórtanse datos máis precisos. A mellora na información da páxina da Área de Calidade da USC posibilita esta maior concreción.</p>
<p>Criterio "Xustificación":</p> <p>Recoméndase "información sobre inserción laboral dos egresados"</p>	<p>O datos dos que se dispón sobre este indicador son escasos e pouco actualizados, polo que non achegan información fiable.</p> <p>Por outro lado, cómpre ter en conta a singularidade deste Máster: o seu carácter profesionalizador e de requisito para exercer a docencia nos niveis educativos aos que se refire a súa denominación, polo que a inserción laboral está moi condicionada polas severas restricións na oferta pública (cuestión á que se alude no Informe).</p>
<p>Criterio "Planificación das ensinanzas":</p> <p>As recomendacións aluden "ás oportunidades de mellora na coordinación e noutros ámbitos"</p>	<p>Concórdase con esta recomendación. No Informe do curso 2012-2013, e con máis intensidade no actual, danse datos sobre o compromiso do Título coa mellora da coordinación: creación da Subcomisión de apoio á coordinación e realización de actividades diversas co profesorado e cos titores externos.</p> <p>Este é un esforzo sostido ao longo dos cursos que segue tendo, sen dúbida, marxe de mellora.</p>
<p>Criterio "Recursos humanos":</p> <p>Recoméndase información sobre a participación no programa "Docentia" e en actividades de formación.</p>	<p>O elevado número de profesores que participan no Título e a diversidade de áreas e centros de procedencia obriga practicamente a construír a información docente a docente.</p> <p>Acéptase, con todo, a recomendación e tratarase de avanzar no seu cumprimento.</p>
<p>Criterio "Sistema de garantía da calidade":</p> <p>Recoméndase a posta en marcha do Sistema de garantía da calidade".</p>	<p>Trasládase a recomendación aos centros responsables da impartición do Título.</p>

5. PLAN DE MELLORAS

NOTA ACLARATORIA:

A selección das accións de mellora que se detallan a continuación está orientada por dous criterios: as insuficiencias na adquisición das formuladas no Informe 2012-2013 e as propostas de mellora que se sinalan na descrición dos distintos criterios deste Informe 2013-2014.

ACCIÓNS DE MELLORA Nº 1			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-01
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Informes de seguimento
		Descrición orixe	Proposta de mellora formulada no Informe 12-13 e reiterada no actual (criterios “Competencias” e “Planificación das ensinanzas”)
	Definición	Análise causa	A complexidade deste Título (por número de docentes, de alumnos e de especialidades) fai que o aspecto central no que se deben centrar as accións de mellora sexa a coordinación. Malia o esforzo continuado que se vén realizando, esta segue sendo unha das principais debilidades detectadas nas avaliacións de satisfacción, polo que cómpre seguir buscando fórmulas de mellora.
		Definición/descrición proposta	A proposta prevé dúas actuacións complementarias: potenciar a Subcomisión de coordinación e revisar as fichas das materias por especialidades.
		Data prevista de finalización	30 de abril de 2015
		Data inicio	15 de novembro de 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinación do Máster Coordinadores de módulo ou especialidade Comisión Académica do Máster Vicerreitoría de Oferta Docente	
	Outros responsables da implantación		
Tarefa1	Código tarefa 1	AM 01 - 1	
	Descrición tarefa 1	Reclamar da Vicerreitoría de Oferta Docente da USC o recoñecemento académico da Subcomisión de apoio á coordinación do Máster, aplicando a solicitude formulada polo coordinador en nome da Comisión Académica o 13/03/2014.	
	Data prevista de finalización	28 de febreiro de 2015 (para que se poidan aplicar as HDE nos POD dos profesores afectados)	

	Persoa responsable	Coordinador/a do Máster (para a xestión da tarefa) Vicerreitor de Oferta Docente (para a aplicación da medida)
	Usuario responsable	
Tarefa 2	Código tarefa	AM 01 - 2
	Descrición tarefa	Revisión das fichas das materias por módulos e especialidades para garantir coherencia e complementariedade
	Data prevista de finalización	30 de abril de 2015 (para posibilitar que se trasladen os cambios nas fichas aos correspondentes programas)
	Persoa responsable	Coordinadores de módulos e especialidades, e coordinador xeral do Máster.
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓN DE MELLORA Nº 2			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-02
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Informe de seguimento
		Descrición orixe	Proposta de mellora formulada no Informe 12-13 e reiterada no actual (criterio "Recursos materiais e servizos")
	Definición	Análise causa	Vense detectando dificultades na xestión do Máster derivadas na falta dunha ferramenta informática axeitada para atender a relación co elevado número de alumnos e de profesores, cos centros e titores de prácticas, etc.
		Definición/descrición proposta	Conseguir unha ferramenta informática específica que facilite a xestión do Título.
		Data prevista de finalización	30 de maio de 2015
		Data inicio	15 de novembro de 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinación do Máster Decanato da Facultade de Ciencias da Educación	
	Outros responsables da implantación		
Tarefa1	Código tarefa 1	AM 01 - 1	
	Descrición tarefa 1	Analizar alternativas en función das necesidades e materializalas nun programa concreto.	
	Data prevista de finalización	30 de abril de 2015	
	Persoa responsable	Coordinación do Máster con asesoramento externo.	
	Usuario responsable	Coordinación do Máster	
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓN DE MELLORA Nº 3			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-03
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Informe de seguimento
		Descrición orixe	A experiencia acumulada, recollida xa en informes de seguimento, indica a conveniencia de que os alumnos poidan dispoñer de mostras de TFM de cursos anteriores.
	Definición	Análise causa	A coordinación do Título publica cada curso unha Guía do Traballo de Fin de Máster coas orientacións necesarias, así como os títulos dos traballos defendidos e as liñas temáticas ofertadas. Con todo, non hai acceso público a traballos concretos que poidan servir de modelo.
		Definición/descrición proposta	Seleccionar mostras de TFM por especialidades e realizar as xestións necesarias para publicalos no repositorio MINERVA da USC.
		Data prevista de finalización	31 de marzo de 2015
		Data inicio	15 de novembro de 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster Subcomisión de coordinación do Máster	
	Outros responsables da implantación		
Tarefa1	Código tarefa 1	AM 03 - 1	
	Descrición tarefa 1	Seleccionar mostras de TFM por especialidades e realizar as xestións necesarias para publicalos no repositorio MINERVA da USC.	
	Data prevista de finalización	31 de marzo de 2015	
	Persoa responsable	Coordinación do Máster Comisión Académica do Máster Subcomisión de coordinación do Máster	
	Usuario responsable		
Subtarefa1	Código subtarefa 1	AM 03 – 1 - 1	
	Descrición subtarefa 1	Fixar criterios para a publicación de TFM e realizar a selección por especialidades.	

	Data prevista de finalización	31 de xaneiro de 2015
	Persoa responsable	Comisión Académica do Máster Subcomisión de coordinación do Máster
	Usuario responsable	
Subtarefa2	Código subtarefa 2	AM 03 - 1
	Descrición subtarefa 2	Realizar as xestións necesarias para publicar os traballos seleccionados no repositorio MINERVA da USC.
	Data prevista de finalización	31 de marzo de 2015
	Persoa responsable	Coordinación do Máster
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	